

A EE de Telecomunicación acolle unha xornada sobre Smart-energy e Smart-City e o internet das cousas

O 'smart' ábrese paso en todos os eidos da vida

A Cátedra Telefónica para a innovación enerxética presentou as súas actividades para este



M. Del Río | Vigo

O adxectivo *smart* aparece xa vinculado a moitos aspectos da vida, froito dunha revolución tecnolóxica que segue a estenderse. O internet das cousas, as cidades intelixentes, a enerxía intelixente e agora xa a industria intelixente. Para analizar os avances, e sobre todo os retos e oportunidades de futuro neste eido, este mércores a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación acolleu unha xornada organizada pola Cátedra Telefónica. O obxectivo das actividades, que se desenvolveron durante todo o día, foi coñecer

os proxectos que se están poñendo en marcha dende Telefónica no ámbito da innovación tecnolóxica e social e de apoio ao emprendemento. A xornada contou tamén cun relatorio sobre o internet das cousas e unha mesa redonda sobre os retos das *Smart Cities* e completouse xa pola tarde cun seminario sobre educación dixital, *moocs* e a plataforma MiríadaX.

Os encargados da inaugurar o evento foron o reitor da Universidade, Salustiano Mato e o director de Telefónica en Galicia Manuel Ángel Alonso, que destacaron que o concepto *smart* é un "novo paradigma" que está a mudar a nosa realidade. Mato remarcou a importancia de que a Universidade como institución e os seus estudantes e docentes dun xeito concreto sexan que de aproveitar as novas oportunidades que este escenario ofrece para poder "multiplicar as posibilidades de construír emprego e economía". O responsable de Telefónica en Galicia, pola súa banda, incidiu en que están a trabar en dous eidos: por unha banda, xerando innovación e fomentando novos modelos de xestión e de negocio para este novo paradigma a través da procura de inversión e do apoio ás startups e, por outra banda, incidindo na divulgación, xa que "estes conceptos supoñen novas contornas de traballo e novas fiestras de oportunidades e temos que se quen de aproveitelas".

Unha nova aposta, smart industry

Manuel Ángel Alonso referiuse tamén a un novo eido, a *smart industry*. "Levamos moito tempo falando das cidades intelixentes, como exemplo deste novo paradigma, pero os tecnólogos e os enxeñeiros de telecomunicación temos moito que dicir no ámbito da industria, porque o que vai suceder nas industrias vai cambiar o que están facendo e como o están a facer". Como exemplo, apuntou que xa non se dubida que a recollida da froita será realizada por drons dentro dun tempo, "o que temos que ser capaces é de decidir se a nosa froita a van recoller os nosos drons, se os nosos drons recollerán a froita en Delaware ou se os drons de Delaware recollerán a nosa froita", concluíu. "Esa é a batalla, a tecnoloxía xa a temos, pero temos que poñela en valor e romper as barreiras con novos modelos de negocio e cos talentos que nesta escola se xeran", explicaba Alonso.

O concepto de *smart industry* foi recollido polo director da Cátedra Telefónica para a Innovación Enerxética para incorporala ao eido de traballo e estudo dos investigadores que dela forman parte. José Cidrás tamén adiantou neste acto as actividades da cátedra para este curso, entre as que subliñou a participación no Foro Tecnolóxico de Emprego que se celebrará previsiblemente en marzo de 2016 ou a organización da segunda edición do Hack for Good, unha actividade creada arredor de retos ou desafíos de innovación social. Cidrás tamén adiantou que durante este curso terán lugar dúas edicións do curso de iniciación ao Arduino e en abril previsiblemente organizarase un taller avanzado. Como unha das principais novidades da cátedra, o seu responsable explicou que se porá en marcha unha iniciativa de constitución de equipos de estudantes para traballar en *Retos Smart* de innovación tecnolóxica e social. "Tratarase de crear grupos de polo menos tres alumnos e alumnas coordinados por un profesor que será quen lles presente o reto que terán que solucionar", apunta Cidrás. Estes desafíos xirarán arredor de temáticas concretas como a *smart-enerxía*, pensado principalmente para o campus de Vigo; o *smart-rural*, para titulacións do

campus de Ourense; e aínda por definir retos no relacionados co *smart* relacionados coa cidade de Vigo, co campus verde e "agora tras esta xornada engadiremos a temática da *smart-industry*". Finalmente durante este curso traballárase para poñer en marcha un curso, posiblemente un *mooc*, sobre tecnoloxías e aplicacións smart, "unha iniciativa de educación dixital que posiblemente empregue a plataforma MiriadaX", concluíu o responsable da cátedra.

Innovación e emprendemento

A xornada completouse coa presentación do proxecto Open Future de Telefónica por parte de Carmen López, xerente de Galicia Open Future Telefónica, que lembrou que se pasada edición recibiron 136 propostas, neste ano foron xa 148. Explicou en detalle as características do Galicia Open Future, dos que en 2015 unha das propostas gañadoras, Monet, xurdiu na Universidade de Vigo. Tras ela, Ángel González de la Fuente, responsable de proxectos Telefónica Educación Digital, presentou a iniciativa en educación dixital Miriadax, unha plataforma para *moocs* en español e portugués que conta xa con 1.700.000 inscritos. Fixo fincapé o seu representante en que "a educación ten pendente un cambio, un cambio que xa sufriron moitos sectores, unha revolución tecnolóxica e dixital que terá lugar máis cedo que tarde" e que pasará pola aprendizaxe individualizada, "libre, aberta e accesible" na que os *mooc* terán unha presenza capital.

A xornada da mañá completouse conferencia de Francisco Javier Zorzano Mier, do Departamento de I+D de Telefónica, sobre o internet das cousas e cunha mesa redonda sobre os retos en *Smart Cities* na que participaron David Regades, concelleiro de Fomento; Raquel Morito, equipo Administración Pública Telefónica e Íñigo Cuiñas, director da EE de Telecomunicación. Xa pola tarde desenvólvese o seminario titulado *Moocs e MiriadaX*.